



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade comunicoulle o Concello de Rois a Resolución de concesión do Obradoiro de Emprego Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois)

Na orde do 7 de febreiro de 2024 reguladora da subvención e na instrución de 15 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego establécese que as bases deben ser aprobadas pola entidade promotora.

Por todo o exposto:

RESOLVO

Primeiro. Aprobar as bases para a selección para a selección do alumando traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio para o programa de emprego Obradoiro de Emprego Xuventude Terras de Iria 2024 (Dodro Padrón Rois) destinado a persoas mozas incluídas no sistema nacional de garantía xuvenil promovido polo Concello de Rois e conveniado cos concellos de Dodro e Padrón.

Segundo. Nomear as seguintes persoas para o grupo de traballo de selección do persoal docente e alumando do obradoiro de emprego:

Presidente/a: Dna Rosario Rios Rey, Axente de emprego do Concello de Rois
Suplente: Dna. Inmaculada Seage Freire, Normalizadora lingüística do Concello de Rois.

Secretario/a: María Elisabet Domínguez Rodríguez, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Dodro.
Suplente: Dna Ana María Rial Dafonte, encargada da biblioteca do Concello de Dodro.

Vogal: Dna. Margarita Amate Angueira, Técnico de emprego do Concello de Padrón
Suplente: Dna Pilar Lorenzo Campos, Técnica de coordinación de voluntariado do Concello de Padrón

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde

O secretario accidental

Ramón Tojo Lens

José Ángel Sorribas Bustelo